

A NOITE DOS SAMAÍN

Coma cada noite de SAMAÍN, imos visitar o Camposanto para recordar aos nosos falecidos e facerlles unha pequena homenaxe.

Fomos meu mellor amigo mais eu cos nosos pais a facer a visita. O camposanto estaba a escuras, so tiña velas encendidas e moitísimas flores, que facía un entorno algo tenebroso.

Estabamos paseando por alí cando nun intre, os nosos pais desapareceron e notamos algo moi estraño. As tumbas estaban abertas, e oíanse berridos coma se fose un aquelarre. Nós, nun arrebatado de curiosidade, acercámonos ao sitio onde se escoitaban os ruídos e vimos o que parecía ser un conxuro.

Había moitas meigas xuntas nun círculo falando un idioma completamente descoñecido. Notaron que alguén estaba a miralas, así que botaron a voar dirixidas cara nós e colleron ao meu amigo.

Saín correndo a buscar aos nosos pais, e lles contei o que estaba a acontecer, pero non me creron, pensaron que estabamos de broma, daquela decidín solucionar eu a situación.

Enchín botellas con auga bendecida da igrexa e fun cara as meigas e tireillela, transformándoas en pó.

Así, rescatei ao meu amigo e voltamos correndo e asustados ao refuxio dos nosos pais.

Foi unha noite que nunca esquenceremos. “Habelas hailas”, abofé.

Por ALFONSO REGUEIRO FONTENLA